

E que vantaxes ten VERI*FACTU?

- ✓ Máis seguridade.
- ✓ Menos requisitos técnicos para o sistema informático de facturación.
- ✓ Máis confianza para os clientes, que poden verificar as súas facturas e tickets na Axencia Tributaria mediante unha aplicación que le os QR que inclúen.
- ✓ Permite descargar as súas facturas e as dos seus provedores cando usen VERI*FACTU.
- ✓ Facilita a asistencia por parte da Axencia Tributaria para o cumprimento das súas obrigas tributarias, ao dispoñer esta de maior información fiscal.
- ✓ Para pequenas empresas e autónomos, será posible o uso da aplicación informática gratuita modalidade VERI*FACTU na Sede electrónica da Axencia Tributaria.

Este folleto proporciona datos exclusivamente informativos, pero de ningún xeito substitúe os textos legais

- Artigos 29.2.j) e 201 bis da Lei 58/2003, xeral tributaria
- Real decreto 1007/2023, do 5 de decembro
- Orde HAC/1177/2024, do 17 de outubro



Agencia Tributaria

Más información noutras canles:

https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/gl_es/iva/sistemas-informaticos-facturacion-verifactu.html

o en el siguiente código QR:



Información Tributaria Básica:

91 554 87 70 y 901 335 533

Faga a súa facturación segura e confiable con



ADAPTE O SEU SISTEMA
INFORMÁTICO
DE FACTURACIÓN



GOBIERNO
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA
PRIMERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO
DE HACIENDA



Agencia Tributaria

1 Cambios nos sistemas informáticos de facturación

Co obxectivo de impulsar a dixitalización de empresas e autónomos e reducir a fraude fiscal, os sistemas informáticos de facturación que utilicen deberán:

- Xerar rexistros de facturación nun formato seguro e normalizado.
- Incluír un código QR en factura e ticket.
- Permitir a remisión á Axencia Tributaria dos rexistros de facturación manténdoo inalterados.

2 Estou obrigado a cambiar o meu sistema de facturación?

En xeral, as empresas e autónomos que utilicen sistemas informáticos de facturación con domicilio fiscal en España* deberán modificalos, salvo que xa cumpran os requisitos antes sinalados.

*En caso de domicilio fiscal no País Vasco e Navarra, estarán sometidos á normativa foral.

En particular, quen xa utiliza o SII (subministración inmediata de información) non estará obrigado a cambiar o seu sistema.

3 Cando será obrigatorio adaptar os sistemas de facturación?

- Antes do 1 de xaneiro de 2027, para os obrigados tributarios contribuíntes do imposto sobre sociedades.
- Antes do 1 de xullo de 2027, para as demais empresas e autónomos que utilicen sistemas informáticos de facturación.

4 Modalidades de sistemas informáticos de facturación

VERI*FACTU: é a modalidade que remite de forma automática á Axencia Tributaria os rexistros de facturación xerados, permitindo que os clientes poidan verificar as súas facturas e tickets. Tamén permitirá acceder a outros servizos de asistencia tributaria.

NON VERI*FACTU: non realiza esa remisión ni permiten a verificación e ten que asegurar que os seus rexistros de facturación permanezan inalterados.

Elixir unha destas modalidades é voluntario para o contribuínte.

5 Son un pequeno empresario ou microempresa que utilizo un sistema informático para emitir as miñas facturas. Que debo facer para cumprir a nova norma?

Poderá emitir as facturas utilizando a aplicación informática gratuita -modalidade VERI*FACTU- que a Axencia Tributaria poñerá á súa disposición na súa sede electrónica, www.sede.agenciatributaria.gob.es.

Tamén poderá modificar o seu sistema para cumprir cos novos requisitos ou adquirir un xa adaptado.

